

Recordatorio de deberes legais ao Concello de Valdoviño de que as ordes de reposición da legalidade urbanística serán executivas dende o momento en que se ditén, dispoñendo as persoas obrigadas dun prazo para executalas voluntariamente e, caso de non facelo, a Administración municipal procederá a execución subsidiaria da mesma ou á execución forzosa mediante a imposición de multas coercitivas

Expediente: B.10.Q/1345/22

Relac co expte B.9.Q/3820/18

Santiago de Compostela, 16 de maio de 2024

Sr. alcalde:

Ante esta institución, mediante escrito de queixa, compareceu solicitando a nosa intervención XXX, con DNI nº XXX, en representación de XXX facendo constar que con data do 26 de setembro de 2017, o seu representado presentou denuncia de reposición da legalidade por obras realizadas no predio con referencia catastral XXX e XXX e a día de presentación da queixa, malia existir Decreto de Alcaldía nº 16/2020, do 16/04/2020, aínda non se executara a demolición nin se impuxeran multas.

Admitiuse a trámite e requiriuse informe dese concello en varias ocasións desde a solicitude inicial de 10/03/2022, tanto por escrito como por medio do teléfono.

Finalmente, o día 14/05/24 achégase escrito municipal no que se recolle o seguinte:

“(..) en data 21 de xullo de 2023 foi incoado expediente de reposición de legalidade urbanística 2023/1002/000001 e que en data 07 de maio de 2024 ditase resolución de alcaldía resolvendo o expediente administrativo, sendo esta notificada as partes interesadas e outorgando un prazo de tres meses para a execución do disposto.”

ANÁLISE

Á vista do contido do escrito de queixa, da documentación achegada pola persoa que promoveu este expediente e do que se manifesta no informe da Administración, é preciso facer as seguintes consideracións:

PRIMEIRO. A actual queixa, relacionada xa con un expediente anterior, trae causa do retraso na execución das obras de reposición da legalidade no predio referido anteriormente, pertencente ao municipio de Valdoviño. O escrito de queixa presentouse no mes de marzo do ano 2022, toda vez que non se levaran a cabo as actuacións esixidas na resolución asinada por esa Alcaldía o 16/03/2020.

Rexistouse informe municipal sinalando a incoación dun (novo) expediente de reposición da legalidade urbanística con data 21/07/23 e dunha nova resolución con data de 07/05/24 na que se outorga un prazo de tres meses para levar a cabo as actuacións que deben repoñer a legalidade urbanística.

SEGUNDA. De acordo co disposto no artigo 371 do Decreto 143/2016, de 22 de setembro, polo que se aproba o regulamento da Lei 2/2016, de 10 de febreiro, do solo de Galicia, os concellos, teñen entre as súas competencias a do exercicio da actividade administrativa relativa á protección da legalidade urbanística, que comprende, entre outras funcións, a de inspeccionar as obras, edificacións e usos do solo para comprobar o cumprimento da legalidade urbanística, constatar e denunciar todas as anomalías que se observen, informar sobre a adopción de medidas cautelares, correctivas e sancionadoras que se consideren convenientes para o mantemento da disciplina urbanística e adoptar as medidas necesarias para a restauración da orde urbanística vulnerada e repoñer os bens afectados ao estado anterior á produción da situación ilegal.

A competencia administrativa é o conxunto de atribucións que se asignan aos diferentes órganos administrativos e son o ámbito dentro do cal estes poden desenvolverse e pronunciar os seus actos. A competencia supón, por tanto, unha habilitación previa e necesaria para que a entidade ou o órgano poida actuar validamente, consonte o establecido nunha norma.

Consonte o disposto no artigo 8 da Lei 40/2015, do 1 de outubro, de Réxime Xurídico do Sector Público, a competencia ten carácter irrenunciable e debe ser exercida polos órganos administrativos que a teñan atribuída como propia.

TERCEIRA. O artigo 98.1º da Lei 39/2015, de 1 de outubro, de procedemento administrativo común das AAPP (LPAC), determina que os actos das Administracións Públicas suxeitos a dereito administrativo serán inmediatamente executivos, salvo que se produza a suspensión do acto, se trate de resolucións ditadas en procedementos sancionadores, unha disposición estableza o contrario, ou se necesite aprobación ou autorización superior. En sentido similar, o artigo 383 do Decreto 143/2016, de 22 de setembro, polo que se aproba o Regulamento da Lei 2/2016, do solo de Galicia (RLSG), precisa que as ordes de reposición da legalidade urbanística serán executivas dende o momento en que se ditan, dispoñendo as persoas obrigadas dun prazo para executalas voluntariamente de conformidade coa lexislación vixente.

Ante a ausencia de cumprimento voluntario en prazo o artigo 99 da LPAC expresa que as Administracións Públicas, a través dos seus órganos competentes, poderán proceder, previo apercibimento, á execución forzosa dos actos administrativos, salvo nos supostos nos que se suspenda a execución de acordo coa Lei, ou cando a Constitución ou a Lei esixan a intervención dos Tribunais. Asemade, o artigo 100 precisa que a execución forzosa efectuarase respectando sempre o principio de proporcionalidade por constrinximento sobre o patrimonio, execución subsidiaria, multa coercitiva, ou compulsión sobre as persoas.

Por outra banda, o artigo 152.6º da Lei 2/2016, de 10 de febreiro, do solo de Galicia e artigo 384 do seu regulamento, establece que en caso de incumprimento da orde de cesación de usos, de demolición, ou de reconstrución do indebidamente demolido, a Administración Municipal procederá a execución subsidiaria da mesma ou á execución forzosa mediante a imposición de multas coercitivas, reiterables ata acadar a execución polo suxeito obrigado, en contía de 1.000 a 10.000 euros cada unha. Ditas multas non terán carácter sancionador e serán compatibles coas sancións que se poidan impoñer a consecuencia da tramitación dun procedemento sancionador de condutas tipificadas como infraccións urbanísticas.

A execución subsidiaria será a cargo da persoa obrigada, sinalando o artigo 384 do RLSG que, antes de executar materialmente os actos ordenados, a Administración poderá liquidar provisionalmente o importe dos gastos, os danos e as perdas que se teñan que soportar previsiblemente, con vistas á liquidación definitiva. Cando o suxeito obrigado non satisfaga voluntariamente as cantidades líquidas as que estea obrigada, haberá de esixirse por vía de constrinximento sobre o patrimonio.

CONCLUSIÓN

Por todo o anterior, considerase necesario, en aplicación do disposto no artigo 32.1 da Lei 6/1984, do 5 de xuño, do Valedor do Pobo, facer chegar a ese Concello o seguinte **recordatorio de deberes legais**:

As ordes de reposición da legalidade urbanística serán executivas dende o momento en que se ditén, dispoñendo as persoas obrigadas dun prazo para executalas voluntariamente de conformidade coa lexislación vixente.

En caso de incumprimento da orde de cesación de usos, de demolición, ou de reconstrución do indebidamente demolido, a Administración Municipal procederá a execución subsidiaria da mesma ou á execución forzosa mediante a imposición de multas coercitivas, reiterables ata acadar a execución polo suxeito obrigado, en contía de 1.000 a 10.000 euros cada unha. Ditas multas non terán carácter sancionador e serán compatibles coas sancións que se

poidan impoñer a consecuencia da tramitación dun procedemento sancionador de condutas tipificadas como infraccións urbanísticas.

Agradézolle de antemán a acollida ao manifestado nesta resolución da Valedora do Pobo, e recórdolle a necesidade de que no prazo dun mes (art. 32.2), dea conta a esta Institución da aceptación da resolución formulada, de ser o caso, e das medidas adoptadas para darlle efectividade, tamén se é o caso.

Ademais, facémolle saber que, en aplicación do principio de transparencia, a partir da semana seguinte á data na que se ditou a presente resolución, esta se incluírá na páxina web da institución.

O principio de publicidade das resolucións desta institución refórzase no artigo 37 da Lei 6/1984, cando prevé que a Valedora do Pobo, no seu informe anual ao Parlamento de Galicia, dará conta do número e tipos de queixa presentadas; daquelas que foron rexeitadas e as súas causas, así como das que foron obxecto de investigación e o seu resultado, con especificación das suxestións ou recomendacións admitidas pola administración pública galega.

Saúdoo atentamente.

María Dolores Fernández Galiño
Valedora do Pobo